

## CONCURSO DO LOGOTIPO PARA O MERCADO DE PRODUTOS DA RESERVA DA BIOSFERA DE ALLARIZ

O Mercado da Reserva enmárcase no programa gastronómico Allariz Sabe, e celébrase todos os sábados na Praza de Abastos 10:00H a 14:00h.

Máis dunha ducia de produtores participan no mercado, na actualidade, con do entorno da Reserva da Biosfera Area de Allariz. Produtos de horta, hortalizas e froitas, marmeladas e mel ecolóxicas, cogomelos, embutido e queixo de ovella, cervexa e pan artesán, leite ecolóxica e procesados derivados da castaña, entre outros.

### BASES DO CONCURSO

1. **Obxectivo** . O tema do concurso é o deseño dun logotipo para o **Mercado da Reserva**.

O logotipo será a imaxe representativa do **Mercado** e ten que servir para identificalo de xeito innovador e creativo.

2. **Requisitos e aspectos a valorar:** O logotipo deberá reflectir a natureza do Mercado, polo que se valorará:
  - a. que represente todos os produtos e sectores que se inclúen nel.
  - b. que non apareza texto no logotipo.
  - c. Deberá adaptarse a calquera soporte de difusión (papel, correo electrónico, páxina web, merchandising ...)

3. **Participantes:** Poderán participar no concurso calquera persoa ou empresa de xeito individual ou en equipo. Cada concursante poderá presentar un máximo de 2 deseños. A súa participación no concurso presupón a aceptación das presentes bases en todos os seus termos.

Non poderá participar no concurso ningún membro do xurado nin dos produtores participantes no Mercado.

4. **Prazos.** A data límite para a presentación de propostas serán **ás 14:00h do día 11 de novembro de 2015**.

5. **Presentación de propostas.** As propostas presentaranse en formato dixital vía correo electrónico á seguinte dirección de correo electrónico: [participa@allariz.com](mailto:participa@allariz.com)

Indicando no asunto do envío a frase **“proposta logo Mercado”**. A dirección de correo mencionada será xestionada exclusivamente pola técnica responsable de recepción de propostas, quen non formará parte do Xurado e encargarse de recompilar todas as propostas recibidas eliminando as referencias do seu autor.

A técnica responsable confirmará a recepción da documentación aportada na dirección de correo electrónico do remitente e a súa admisión a concurso ou o seu rexeitamento, indicando neste último caso as deficiencias atopadas e se procede a súa rectificación.

As propostas deberán ter entrada antes da data e hora fixadas no apartado 4 de estas bases. Finalizado este prazo a responsable da recepción levantará acta de recepción na que se consignará o número de traballos recibidos e o número de participantes.

- 6. Documentación a presentar polos concursantes.** O logotipo ou logotipos propostos a concurso deberán presentarse en cor e en branco e negro.

Posto que o logo será utilizado en múltiples soportes de difusión, utilizaranse formatos vectoriais para o mesmo.

Xunto cos arquivos do logotipo ou logotipos propostos os concursantes xuntarán no mesmo correo electrónico de presentación a concurso, a ficha de inscrición anexa ao final destas bases, cumprimentada adecuadamente en formato DOC ou PDF.

- 7. Anonimato.** Co fin de garantir o anonimato dos participantes, a responsable da xestión do concurso imprimirá e gardará a información aportada na ficha de inscrición por cada un dos participantes individuais ou equipos. A ficha estará ligada a un número de participación que se engadirá aos arquivos gráficos dos logotipos a valorar polo xurado do concurso. A correspondencia entre os números das fichas de participación e a dos arquivos gráficos será unha información que só estará en poder da responsable da xestión do concurso e aportarase ao xurado unha vez fallado o concurso, xunto cos datos dos participantes ou equipos que figuren na ficha de inscrición.

- 8. Xurado:** O Xurado encargado de valorar as propostas estará formado por:
- Dous membros do departamento de Promoción Económica, Turismo e Comercio do Concello de Allariz.
  - Equipo representativo (2 persoas) dos produtores integrantes no Mercado.
  - Representante da Reserva da Biosfera Área de Allariz.

- 9. Acordo do Xurado.** De entre todos os deseños presentados o xurado elixirá un que será o gañador do premio. Se non se chegara a un acordo o concurso quedará deserto. O fallo do xurado farase público a través da páxina web [www.allariz.gal](http://www.allariz.gal) e nas redes sociais do Concello de Allariz (Facebook e Twitter).

- 10. Criterios de valoración.** O xurado valorará, entre outros, os seguintes aspectos:
- Facilidade de identificación da proposta co **Mercado da Reserva**.
  - Deseño innovador e creativo.
  - Adaptabilidade a calquera soporte de difusión.
  - É condición indispensable que o deseño sexa orixinal.

- 11. Dotación do Premio.** O Concello de Allariz concederá ao gañador do concurso un diploma e un premio económico de **300€**.
- 12. Propiedade Intelectual.** O logotipo premiado quedará en propiedade exclusiva e permanente do Concello de Allariz que terá completa liberdade para utilizalo total o parcialmente ou para modificalo no momento e a forma en que o considere preciso.
- 13. Aceptación das bases.** A participación no concurso leva implícita a aceptación de todas estas bases e o fallo do xurado. Todo caso non previsto nas presentes bases será resolto polo xurado, comunicándose a cada participante tal decisión.

## CONCURSO DE LOGOTIPO PARA O MERCADO DA RESERVA FICHA DE INSCRICIÓN

### REPRESENTANTE \*

NOME .....

APELIDOS .....

DNI .....

### MEMBROS DO EQUIPO \*\*

NOME .....

APELIDOS .....

DNI .....

NOME .....

APELIDOS .....

DNI .....

### DATOS DE CONTACTO

DIRECCIÓN .....

CIDADE ..... PROVINCIA ..... C.P. ....

TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

\*Encher en caso de participante individual. En caso de traballos en equipo, aquí figurarán os datos do representante do mesmo

\*\* Engadir os datos dos membros do equipo